

3.3. Perda da escolaridade.

O incumprimento por parte dos participantes das obrigas de asistencia e realización de probas e exercicios establecidas nos puntos 2.2, 3 e 3.1 (Réximes disciplinario e académico) suporá a perda da escolaridade, sen prexuízo dos efectos que puidesen derivar pola aplicación do réxime disciplinario.

4. Non-superación do curso.

Segundo o preestablecido no artigo 16 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo cal se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os aspirantes que non superen este curso selectivo poderán incorporarse ao inmediatamente posterior coa puntuación asignada ao último dos participantes nel. De non superalo, perderán todos os seus dereitos para seren nomeados funcionarios de carreira, agás o predeterminado no parágrafo 1º do número 3.1 do punto terceiro desta resolución respecto á dispensa de realización deste curso en caso de forza maior debidamente xustificada.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2009.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de
Administración Pública

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 6 de abril de 2009 pola que se adhire unha entidade financeira ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 23 de setembro de 2008, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas. As ditas bases foron publicadas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro; bases modificadas no DOG nº 19, do 28 de xaneiro de 2009; DOG nº 29, do 11 de febreiro de 2009 e DOG nº 61, do 30 de marzo de 2009).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Ratificada con data do 2 de abril de 2009, a adhesión da entidade financeira *Bankinter S.A.*, cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Único.-Engadir a entidade financeira *Bankinter S.A.* á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas empresas, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, asinado o 4 de novembro de 2008.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 14 de abril de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión que tivo lugar o día 14 de abril de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 28 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes, acordou:

Primeiro.-Desestimar as reclamacións presentadas ao segundo exercicio do proceso selectivo para o